

CONCESIÓN DOS SERVIZOS DE APARCADOIROS SITUADOS EN JENARO DE LA FUENTE Y AVENIDA DE CASTELAO: EXPEDIENTE 1789-449.

AMPLIACIÓN DE INFORMACIÓN

Recibíronse no servizo as seguintes consultas :

D. CARLOS ALBERTO BAÑA NEIRA actuando en nome e representación de EMPARK S.A. solicita ampliación de información da colgada no perfil del contratante interesada en tomar parte na licitación dos aparcadoiros e solicita :

Visitar as instalacións de cada aparcadoiro:

As instalacións foron visitadas na data 4 de abril de 2018 por tódolos interesados.

Inventario das instalacións e equipamento de cada aparcadoiro

Durante a visita puideron visitar a totalidade das instalacións e os equipamentos e tomar fotografías dos mesmos .

Conta de balance e de perdidias e ganancias anuais dos últimos tres anos desglosados por aparcadoiros e ingresos anuais , desglosados por tipo de produtos (rotación , abonos ,outros e aparcamento dos últimos tres anos

Non procede facilitar esta información.

Nº de prazas existentes que foron vendidas a residentes da zoa (dereito de uso)

8 prazas no aparcadoiro de Avenida de Castelao e 3 no aparcadoiro de Jenaro de la Fuente

Prezo de venta de ditas prazas (residentes) e cota de mantemento mensual (o anual) actual que paga cada praza

A esta Administración non lle consta o prezo de venta das cesións de uso, nin si os titulares pagan o no cota de mantemento mensual

Detectouse a instalación o pasado día 20 de 4 puntais metálicos no interior do sotano 1 do aparcadoiro da avenida de Castelao . Se solicita aclaración do motivo técnico de dita actuación . Así como acceso a tódolos informes e

cálculos técnicos que poderán desarrollarse para recomendar e xustificar a realización de dita actuación

Non se dispón da información nin cálculos técnicos xa que actuación foi levada a cabo con anterioridade a asunción temporal da xestión do aparcadoiro polo Concello o 31 de marzo de 2018.

Si existise , entrega de informe de estado de conservación e mantemento de cada aparcadoiro e dos defectos estruturais dos mesmos , independentemente de si procede do concesionario actual o perito externo

Non foi elaborado ate a data informe sobre o estado de conservación e mantemento dos aparcadoiros.

Así mesmo e por correo electrónico formula a seguinte consulta :

Na cláusula 14^a ao comenzo (pag.14) indicase que os sobres A e C poderán presentarse en papel o en formato dixital e que o sobre B deberá presentarse en formato dixital. Sen embargo, na mesma cláusula, cando describe a documentación do sobre B (pag 15) di que se presentara una copia en papel e outra en formato dixital.

Detectase un erro na redacción polo que aclarase que a redacción correcta seria a presentación do dúas copias en formato dixital, no obstante tamén admitiranse as ofertas que presenten una copia en papel e outra en formato dixital.

D. BRUNO LAGO CASTRILLÓN, en nome de Copasa solicita a seguinte aclaración:

Trala visita realizada as instalacións apreciouse a existencia de patoloxías estruturais en ambos estacionamentos (danos na cabeza nos pilares de xunta de planta -2), especialmente relevantes no caso do estacionamento da Avda. de Castelao (apuntalamiento de losas. reforzos con fibra). Así mesmo detectouse a existencia de humidades en accesos peonais e determinadas zonas interiores. Solicitase aclaración acerca de si as reparacións dos defectos construtivos xa existentes con anterioridade a adxudicación debe ser asumida polo novo concesionario o si por o contrario esas reparacións serán asumidas polo Concello.

Do disposto no artigo 8 o prego de condicións técnicas para a contratación da xestión do servizo publico en rexime de concesión administrativa dos aparcadoiros , desprendese que o adxudicatario farase cargo das instalacións no estado no que están, sendo dende o inicio da execución do contrato o responsable do mantemento das instalacións